


# Pallares dixital

Revista do CPI Tino Grandío – Guntín – Lugo

Nova época - Ano XVIII - Nº18



 Equipos de  
Dinamización  
da Lingua Galega

LETRAS GALEGAS 2018

M<sup>a</sup> VICTORIA MORENO.

## ÍNDICE

BLOGS E PÁXINAS WEB DO CENTRO .....	2
ACTIVIDADES DO CURSO 2017/2018 .....	3
OS CASTREXOS .....	23
DÍA DAS LETRAS GALEGAS: M <sup>a</sup> VICTORIA MORENO .....	27
Biografía .....	27
Obra.....	28
O DÍA DO LIBRO .....	29
O DÍA DA ÁRBORE .....	30
TRABALLOS DO ALUMNADO DE 3 <sup>o</sup> DE ED. PRIMARIA .....	31
Coplas para o entroido .....	34
EXCURSIÓN A SANTIAGO.....	35
DIARIO DUNHA VIAXE .....	37
O MONTE VIVO: PLANTANDO FUTURO .....	38
Charlas.....	38
Por que arde o monte en Galicia ?.....	39
As consecuencias dos lumes .....	40
Nós que podemos facer? .....	41
DISTANCIAS DAS MASAS FORESTAIS.....	42
Concurso artístico e literario “O MONTE VIVO” .....	43
OS ANIMAIS FALAN? .....	44
PARTICIPACIÓN EN GALICIENCIA .....	47
UNHA EXPERIENCIA CON CULTIVOS IN VITRO .....	48
ENRAIZAMENTO DE CULTIVOS.....	50
HEALTHY LIFESTYLE AT CPI TINO GRANDÍO .....	51

## BLOGS E PÁXINAS WEB DO CENTRO

- [FACEBOOK DO CPI TINO GRANDÍO](#)
- [PÁXINA WEB DO CPI TINO GRANDÍO](#)
- [BIBLIOTECA DO CPI TINO GRANDÍO](#)
- [CLUB DE LECTURA](#)
- [BLOG PROXECTO ABALAR](#)
- [BLOG DE 5<sup>o</sup> DE EDUC. PRIMARIA](#)
- [A PATRULLA VERDE \(6<sup>o</sup> EDUC. PRIMARIA\)](#)
- [INVESTIGACIÓN E TRATAMENTO DA INFORMACIÓN \(1<sup>o</sup> ESO\)](#)
- [BLOG SECCIÓNS BILINGÜES DE 3<sup>o</sup> E 4<sup>o</sup> ESO](#)

## ACTIVIDADES DO CURSO 2017/2018



17/10/2017 Entrega certificados do Selo de Calidade Internacional eTwinning



30/10/2017 Exposición cabazas no Samaín



07/11/2017 Exposición de ciencias no outono



07/11/2017 Exposición descrición física en inglés



08/11/2018 Diálogos nunha papelería en inglés (3ºESO)



14/11/2017 Comezo do traballo do programa TEI (Titoría entre iguais)



16/11/2017 Charla sobre a lei do menor



23/11/2017 Exposición Galicia en Ourense



23/11/2017 O ceo desde a tecnoloxía móbil (Galiciencia)



24/11/2017 Agasallos eTwinning



04/12/2017 exposicións orais en inglés (4º ESO)



05/12/2017 Taller de educación afectivo-sexual



15/12/2017 Decoración de Nadal



20/12/2017 Aprendendo a reciclar



21/12/2017 Festival de Nadal



16/01/2018 clases de mecanografía (1º ESO)



16/01/2018 Práctica de cultivo in vitro



19/01/2018 Charla sobre paisaxe e sustentabilidade (USC)



30/01/2018 Sesión Club de Lectura de adultos: *Patria*



30/01/2018 Carteis día da Paz



09/02/2018 Entroido



09/02/2018 Diálogos en inglés sobre compra de roupa (3º ESO)



24/02/2018 Aniversario de Rosalía de Castro



27/02/2018 Yincana cultural





27/02/2018 Actividades de O Monte Vivo



27/02/2018 visita ao terreo incendiado en Monte Faro



28/02/2018 Neve no colexio

09/03/2018 Mesa redonda no Día da muller





21/03/2018 Sesión do Club de lectura, *Matilda*

21/03/2018 Sesión do Club de lectura *O Nicolasiño*



21/03/2018 Sesión do Club de lectura *As flores radiactivas*

21/03/2018 Visita ao Parlamento de Galicia (5º-6º EP e 1º-2º ESO)



22/03/2018 Visita do alumnado de 4º ESO ao CIPF Politécnico



23/03/2018 Día da árbore

04/04/2018 Taller sobre reanimación cardiopulmonar (organizado pola AMPA)



12/04/2018 Sesión do Club de lectura sobre *Todo eso te daré*



12/04/2018 Xornada deportiva no pavillón municipal

16/04/2018 taller de experimentos científicos



16/04/2018 taller de robótica para primaria a cargo do alumnado de 4º de ESO



18/04/2018 conferencia sobre a cultura castrexa

18/04/2018 obradoiro de fabricación de moedas de ouro para ed. primaria



18/04/2018 obradoiro de fabricación de moedas para ESO

18/04/2018 paneis expositivos sobre a cultura castrexa e os castros máis importantes





18/04/2018 actividade de escenificacións en inglés sobre a consulta médica en ESO

19/04/2018 concurso cultural en inglés



19/04/2014 exposición de traballos *O monte vivo*





19/04/2018 visita  
bombeiros para educación  
infantil e primaria



20/04/2018 concerto de Uxía  
como colofón á *Semana Cultural*





20/04/2018 entrega de premios da Semana Cultural



20/04/2018 xornada de acollida ao alumnado do CEIP de Lousada







25/04/2018 alumnado de educación infantil xoga co *barangandão*

25/04/2018 o alumnado de 1ºESO elabora unha maqueta dun castro



25/04/2018 alumnado de 4ºESO na Feira do Libro



25/04/2018 representacións sobre unha consulta médica en inglés



25/04/2018 Sabuesos investigadores en 4º de ESO



29/04/2018 Charla sobre educación afectivo sexual a cargo do Sergas para ESO

02/05/2018 obras no local de usos múltiples

07/05/2018 proxecto sobre animais en 1º de ESO



07/05/2018 alumnado do PROA

09/05/2018 Correlingua



10/05/2018 sesión do Club de Lectora sobre *The Ghost Teacher*

10/05/2018 excursión de 4º de ESO a Barcelona



10/05/2018 excursión á Casa do Patrón do alumnado de educación primaria



11/05/2018 alumnas premiadas en Galiciencia



14/05/2018 charla do Plan Director da Garda Civil



15/05/2018 visita do alumnado de 4º ESO a diversos institutos de Lugo

16/05/2018 festival das Letras Galegas e estrea da ampliación do local de usos múltiples



23/05/2018 Sesión do Club de Lectura sobre *The Call of the Wild*

29/05/2018 representación de Carapuchiña vermella polo alumnado de 2º de ESO para primaria





08/06/2018 foto de toda a comunidade educativa durante o curso 2017/2018



13/06/2018 asistencia do alumnado de primaria a unha representación do auditorio Gustavo Freire de Lugo



13/06/2018 despedida do alumnado do PROA



13/06/2018 excursión de alumnado de 3º e 4º de ESO ás lagoas artificiais de As Pontes



19/06/2018 excursión dos membros do Club de Lectura á Illa de San Simón




21/06/2018 festival fin de curso

# OS CASTREXOS

Patricia Muñoz-Ayala Sánchez

Este curso escolar decidimos aprender sobre os castrexos, e abofé que o estamos facendo. Empezamos aprendendo de que se alimentaban os castrexos.

Tamén aprendemos como eran os castros, e ademais fixémolos en inglés.



Outro traballo que se fixo foi esta maqueta dun castro. ⇨






No entroido convertémonos en diferentes tribus castrexas, deseñando as nosas marcas de tribu, inventando o nome e recreando vestimentas castrexas.



Na semana cultural os castrexos tamén estiveron presentes e aprendemos moito máis sobre eles coas charlas e obradoiros impartidos polo persoal do Museo do Castro de Viladonga.



A entrada do edificio de Secundaria serviu de espazo para unha exposición sobre os castros na provincia de Lugo, que nos axudou a coñecer un pouco máis sobre o pasado e os antergos da nosa provincia.

## DÍA DAS LETRAS GALEGAS: M<sup>a</sup> VICTORIA MORENO

Patricia García Vázquez e Silvia Méndez Villar - 4º ESO

### Biografía

María Victoria Moreno Márquez (Valencia de Alcántara, 1939 – Pontevedra, 2005) foi unha editora, tradutora, conferenciante, escritora de literatura infantil e xuvenil galega e profesora de ensino secundario en institutos de Lugo, Sanxenxo e Pontevedra.

O seu pai Vicente Moreno Moreno, natural de Toledo, fora mobilizado en 1937 na Facultade de Dereito para ir á fronte na Guerra Civil española. Nese mesmo ano, durante un permiso, casou coa mestra Sara Márquez Bueno, malagueña que estudara maxisterio en Córdoba. María Victoria, que foi a primoxénita, tivo tres irmáns: Sara, Antonio e Rafael. As dúas mulleres tiveron que ir facer o bacharelato fóra e foi aí cando Victoria tivo que falsificar a súa idade para poder comezar os estudos coas rapazas menores ca ela, xa que non tivera ocasión de se matricular antes. De 1958 a 1963 estudou Filoloxía Románica na Universidade Complutense de Madrid, cunha data de nacemento tamén falsa.

En Madrid colaborou coa ONCE traducindo libros do francés e lendo para cegos. Alí coñeceu ao valenciano José Luis Llácer, invidente dende os tres anos de idade e dez anos maior ca ela, co que casou ao rematar a carreira, en xullo de 1963. Con el trasladouse a Pontevedra no mesmo ano do licenciamento, pois Llácer fora contratado como profesor no colexio Santiago Apóstolo da ONCE desa vila, do que chegaría a ser director. No 1975 o matrimonio completou o proceso de adopción dos seus fillos, Begoña e Carlos Alberto.

Conseguiu a praza de catedrática en 1979, con destino no instituto de Ribadavia, pero para poder seguir en Pontevedra solicitou a excedencia ata 1986 na que pediu a reincorporación, accedendo como catedrática ó instituto de Vilalonga, en Sanxenxo, no que traballou catro anos.

En xaneiro de 1996 quedou viúva e, en 1997, foille diagnosticado cancro de mama.


Pedro Ferriol, un capitán da mariña mercante cubano foi o seu compañeiro durante os seus tres últimos anos de vida. Casaron en maio de 2003 polo civil na Habana e en 2004 repetiron a cerimonia na igrexa de Campolongo en Pontevedra.

María Victoria Moreno morreu aos 66 anos de idade, o 22 de novembro de 2005, vítima da enfermidade que padecía.



1: M<sup>a</sup> Vitoria Moreno - Dende (traballo propio) - CC BY-SA 3.0

## Obra



Na súa carreira como escritora, Victoria Moreno cultivou a novela, o conto, o ensaio e, nos anos 80, colaborou na creación de libros de texto sobre a lingua e a literatura galegas, dos que había moi poucos exemplares ata aquel momento. Tamén traduciu diversas obras ao galego, como *Mecanoscito da segunda orixe*, de Manuel de Pedrolo, ou *El perro Rin y el lobo Crispín* de Carlos Casares.

Entre os trazos fundamentais da súa obra encóntranse o lirismo, a conversión dos animais en protagonistas e a crítica a un ensino reseso, que ela coñecía perfectamente.

Dentro da literatura infantil e xuvenil en galego, Moreno foi unha das pioneiras, con libros como *Mar adiante* (1972) ou *O cataventos* (1979). Con eles conseguiu gañar varios premios no Concurso Nacional de Contos Infantís da Asociación Cultural "O Facho". Así mesmo, acadou o terceiro posto do

certame O Barco de Vapor no 1985 con *Leonardo e os fontaneiros*. A temática animal queda patente tanto nese exemplar como en moitos outros, por exemplo en *E habrá tirón de orellas?* (1997) ou en *Eu conto, ti cantas* (2005). No 1988 saíu á luz a súa obra máis destacada e coñecida, *Anagnórise*, da que se publicaron 20 edicións e que foi incluída na lista de honra do IBBY dous anos despois. Outro fito importante foi o que acadou no 2002, cando conseguiu entrar na prestixiosa listaxe internacional *White Ravens* da Biblioteca Internacional para a Mocidade de Múnic, co libro *Guedellas de seda e liño* (1999).

Xa orientado cara á un público adulto, escribiu o ensaio *As linguas de España* (1991) ou *Diario da luz e a sombra* (2004), no que falaba do cancro que padecía.

Victoria tamén escribiu obras colectivas como *Querida avoa* (1991), *Pan con chocolate* (1993) ou *¡Xa non teño medo!* (1998-1999).

Grazas á súa traxectoria como escritora, no 2005 foille outorgada a mención de honor a título póstumo do premio Xoán Manuel Pintos do concello de Pontevedra e, un ano despois, foi a autora homenaxeada na VII edición do Salón do Libro Infantil da mesma cidade.


## O DÍA DO LIBRO

O alumnado de 1º de Educación Primaria ilustra así o *Día do Libro* para todos nós:



## O DÍA DA ÁRBORE

Así sentimos o alumnado de 2º de Educación Primaria o Día da Árbore:



## TRABALLOS DO ALUMNADO DE 3º DE ED. PRIMARIA

### OS CASTREXOS



### Os castrexos

Verónica Vega Gómez

Os castrexos vivían nos castros.

Os castrexos vivían da agricultura,

Cultivaban trigo, millo, cebada nas terras

próximas ao castro. Tamén vivían da

ganadería. Tiñan animais no castro como, por exemplo, vacas, cabalos, ovelhas ou porcos e avel de curral.

No comercio, intercambiábanse metais, cerámica, mariscos e é posible que usaran unha moeda de prata.

Verónica

Eu quero...

Eu quero um monte vivo  
com ruggas limpas no gíao  
sem contaminação nin lixo.  
cheo de tróitos e anguias.



Eu quero um monte vivo  
com tambeiros na veiga do rio  
que coas suas pólas  
dean sombra e abrigo.



Eu quero um monte vivo  
cheo de carballos e pinos  
cheo de arbustos bonitos  
e de flores coloridas.



Eu quero um monte vivo  
cheo de saltóns e formigas  
cheo de voadores, apaxarimos  
e de corceos, coellos e bichos.



Eu quero um monte vivo  
onde poder andar en familia  
onde respirar aire puro  
e comer polos camiños.




Eu quero um monte vivo  
para xogar cos meus amigos  
Eu quero un monte vivo  
sen lume nin lixo.



Eu quero um monte vivo!

Verónica Vega Gómez 3<sup>o</sup> de primaria





## O Soño de ser maior

Eu quero ser maior porque quero ter un traballo e gañar os meus cartos e sentirme contenta. Tamén quero ser maior para poder ir por aí a moitas sitios que agora teño que ir acompañada e sentirme libre. Pero tamén para poder quedar cos amigos sin que me teñan que besar ningun, poder conducir un coche e sentirme ben.

Formar unha familia e poder educar os meus fillos coma a min me gustaría, acudir e coidar aos meus pais se lles fixera falta. Toda esta fame de ter unhas sentimentos, de orgullo, felicidade e de boa persoa.

Doveira

### Coplas para o entroido

Estando os castrexos  
ben relaxados,  
Chegaron os romanos  
a incordialos.

Os castrexos si os castrexos si  
Os castrexos chegaron a Guntín.

De saco vestidos  
Con pelexos colgados  
Nunha man o escudo,  
Coa outra dando espadazos

Os castrexos si os castrexos si  
Os castrexos chegaron a Guntín.

Nos castros metidos,

Ben amurallados  
Para que non entren  
Os inimigos romanos.

Os castrexos si os castrexos si  
Os castrexos si, chegaron a Guntín

Cazando nos montes  
Nos ríos pescando,  
Trocando o que me sobra  
Ou coa caetra pagando.

Os castrexos si os castrexos si  
Os castrexos chegaron a Guntín  
Os castrexos si os castrexos si,  
Os castrexos chegaron a Guntín.

## EXCURSIÓN A SANTIAGO

Alumnado de 6º de Educación Primaria: Alba, Diego, Duarte, Hugo, Iago, Luis, Manuel, Miguel, Noel, Sabela e Tristán

O mércores 21 de marzo de 2018 algúns alumnos e alumnas do CPI Tino Grandío foron de excursión a Santiago de Compostela en autobús.



Os alumnos e alumnas de 6º uns días antes da excursión fixemos unha lectura compartida en grupo sobre o Parlamento de Galicia e completamos un texto mutilado sobre a Xunta de Galicia. Tamén vimos unhas curtametraxes sobre Santiago de Compostela tituladas: *A lenda de Santiago* e *Santiago é grande*.

O día da excursión reunímonos diante do colexio e puxéronnos por cursos para subir o autobús. A viaxe a Santiago durou dúas horas aproximadamente.

Chegamos ao Parlamento e atendeunos un traballador que nos acompañou á Sala dos Reis. Despois fomos ás bibliotecas onde había máis de 10.000 libros. Máis tarde estivemos nas salas de reunión dos políticos e no hemiciclo (onde escoitamos uns minutos do debate).

Cando acabamos a visita ao Parlamento subimos ao autobús para visitar o edificio da Xunta de Galicia, alí vimos un estanque e un bosque dentro do edificio. Tamén nos mostraron un vídeo “graciosillo” dunha rapaza que nos explicaba o que se facía na Xunta.



Para rematar a mañá fomos a un centro comercial chamado As Cancelas e buscamos un lugar para comer.

Despois de xantar montamos no autobús e fomos ao centro de Santiago. Chegamos a Praza do Obradoiro, na que Juan Pardo nos deu información sobre o Pazo de Raxoi (Concello de Santiago), sobre a Catedral e tamén sobre o Hostal dos Reis Católicos que agora é un hotel de 5 estrelas. Entramos na Catedral e vimos o

Altar Maior, os restos do Apóstolo Santiago e o clásico Botafumeiro.

A continuación montamos no autobús e volvemos para a casa.

**Pasámolo moi ben  
na excursión!  
Esperamos que se  
repita!**



## DIARIO DUNHA VIAXE

Alumnado de 4º ESO



**7 de maio de 2018:** A hora do despegue era ás 10:15 pero tivemos algún que outro retraso e despegamos dende Santiago ás 11:00, aterramos ás 12:30 en Barcelona. Sobre as 14:15 chegamos ao hotel (en Salou). Deixamos as maletas e buscamos un sitio onde xantar, logo desprazámonos a Tarragona para visitar ás súas ruínas. Finalmente, desprazámonos ao hotel onde nos duchamos, ceamos e estabamos tan cansos que non o pensamos dúas veces e

marchamos durmir.

**8 de maio do 2018:** Erguémonos cedo, ás 08:30 para ir a *Port Aventura*. Alí pasamos o día. Ata nos deron de comer! Mentres visitabamos a zona iamons montando nas atraccións que máis nos chamaban a atención. Despois dunha divertida mañá, fomos xantar. Cando acabamos de comer, seguimos montando nas atraccións. Ás 18:00 marchamos de *Port Aventura* porque queríamos ir ás piscinas que había no hotel. Chegamos ao hotel e preparámonos para ir á piscina. Ás 19:30



tivemos que saír da piscina porque a ían pechar. Finalmente fomos cear e como estabamos moi cansos marchamos durmir.



**9 de maio de 2018:** Erguémonos ás 08:00, moi cansados xa que o día anterior fora moi movido e a duras penas fomos almorzar. Pola mañá fomos a Barcelona cunha guía a cal nos ensinou distintas zonas da cidade, máis tarde fomos comer aínda que tivo que ser ás présas xa que tiñamos que ir visitar a Sagrada Familia e cando rematamos a visita fomos á Boquería. Á noite cando chegamos ao hotel fomos cear e marchamos cada un para a súa habitación.



**10 de maio de 2018:** pola maña fomos ao parque Güell, alí pasámolo moi ben, sacamos fotos e vimos as casas construídas por Gaudí. Á tarde fomos ao Camp Nou onde vimos o museo e o campo de fútbol onde nos puidemos sentar nos asentos oficiais dos xogadores. Finalizada esta visita regresamos a Salou, ceamos e saímos dar un paseo polo paseo marítimo.

**11 de maio do 2018:** ás 7:30 levantámonos e fomos almorzar. Tras recoller as maletas estaba esperando o autobús para levarnos ao acuario. Pasamos alí toda a mañá e comemos na zona do porto. Despois, sobre as 16:00, chegamos ao aeroporto do Prat e facturamos a equipaxe. Ás 18:40 despegou o avión e ás 21:00 xa estabamos en Santiago.

## O MONTE VIVO: PLANTANDO FUTURO

Amparo Veiga Vila

No comezo do presente curso atopámonos cunha realidade que se repite ano tras ano pero que neste outono foi especialmente dolorosa: o elevado número de incendios forestais na nosa comunidade. Ourense é a provincia de España onde máis incendios se rexistran cada ano.

Este feito levounos a unha serie de compañeiros do centro a preguntarnos o por que deste mal que sofre Galicia e se nos era posible facer algo para mellorar esta situación.

A resposta foi que era necesario un traballo de información e concienciación que nós poderíamos facer cos nosos alumnos.

Os bosques aportan innumerables beneficios para a preservación da vida no planeta e para o benestar do ser humano. Son fonte de recursos, manteñen a calidade do aire, solo e auga, son o hábitat de numerosísimas especies, son sumidoiros de CO<sub>2</sub>, responsable do cambio climático, liberan O<sub>2</sub> e conforman a paisaxe da cal gozamos.

A única maneira que se nos ocorre de reducir o impacto dos incendios é concienciando ás novas xeracións de todos estes beneficios.

Con esta finalidade deseñamos unha serie de charlas, actividades e saídas.

### Charlas

A primeira delas correu a cargo dos alumnos de Cultura Científica de 4º da ESO que prepararon un traballo sobre incendios forestais para expoñer ao resto de alumnos.

Na segunda contamos coa colaboración do enxeñeiro forestal da USC Eduardo González que nos amosou a incidencia dos incendios, as causas, consecuencias e algunhas medidas preventivas

Un resumo da súa presentación está recollido a continuación.





Número de incendios e superficie afectada dende 2010 ata 2016. Destaca o ano 2011 e faltan os datos de 2017.

### Por que arde o monte en Galicia ?

Algunhas causas dos incendios que, como se ve, son complexas e variadas:

- Na comunidade fíxose dende sempre uso do lume para limpar terreos e establecer pasteiros.
- Hai unha gran superficie forestal.
- Non existe unha axeitada concienciación ambiental. A poboación en xeral non é consciente das repercusións do lume nos ecosistemas.
- Falta unha axeitada ordenación forestal coa elección de especies axeitadas, predominado o uso de especies pirófitas, e a delimitación entre o que son núcleos de poboación e terreos de monte.
- Dedícanse moitos recursos a extinción e poucos a prevención.

As motivacións para plantar lume poden ser:

- Rexenerar pasteiro.
- Facilitar a caza
- Conflitos sobre a titularidade do monte.
- Desacordos coa administración
- Conflitos entre veciños
- Goce coa contemplación do lume, no caso dos pirómanos.
- Tamén existe a posibilidade de incendios accidentais relacionados co uso de diverso tipo de maquinaria, caída de tendidos eléctricos etc.

A oleada de lumes do mes de outubro tivo relación coa proporción 30:30:30 (menos do 30% de humidade ambiente, máis de 30° C de temperatura e ventos de máis de 30 km/h). Nestas condicións ambientais prodúcense incendios numerosos, de grandes dimensións e difíciles de extinguir. Segundo os bombeiros forestais, neses casos periga a vida das brigadas e a única maneira de atallar o incendio é mediante a construción de cortalumes.

### As consecuencias dos lumes

- Perda de vidas humanas
- Perda de vivendas e outras edificacións
- Danos na vexetación, na fauna, na calidade do aire e da auga, problemas respiratorios etc.

Para paliar os efectos negativos o Plan de Defensa contra Incendios de Galicia (PLADIGA) contempla as medidas de actuación, sempre baixo o asesoramento de expertos do Centro de Investigacións Forestais de Lourizán (Pontevedra).

As actuacións limítanse a zonas afectadas por grandes incendios e con elevada pendente, onde o risco de perda total de solo e de contaminación das augas é moi elevado.

A este respecto fixemos unha visita cos alumnos de ESO a un monte afectado polo lume na Serra do Faro, en Chantada acompañados de expertos que integran o proxecto da USC PLANTANDO CARA AO LUME.



Solo natural, no afectado polo lume



Solo afectado superficialmente polo lume



Solo moi afectado polo lume en zona de pendente



Estendendo palla





Nas zonas con alto risco de erosión pódese estender algún material vexetal como a palla para diminuír o impacto da chuvia.

Zona de elevada pendente coa formación de augas de arroiada que arrastran o solo cara a zonas máis baixas.



Existe, a pesar da gravidade do incendio, unha rexeneración natural da vexetación a partir de sementes e bulbos que resistiron ó lume ou ben que son transportadas de outros lugares polo vento ou polos animais.

### Nós que podemos facer?

- Identificar aos incendiarios, se fose o caso.
- Aternos ás normas para a realización de queimas controladas.
- Evitar a plantación con especies pirofitas.
- Manter limpas de maleza as inmediacións das casas e respectar os límites de seguridade entre as masas forestais e os terreos de cultivo, pastos e vivendas.

Ao mesmo tempo que buscábamos información sobre o tema recolleamos sementes e fixemos un semilleiro con varias especies forestais: carballo, sobreira, castiro e nogueira. Participaron tanto alumnos da ESO como de 6º de primaria.

Este é o resultado na actualidade:



A nosa intención nun primeiro momento era plantalos na zona de incendio que visitáramos pero os especialistas da USC que nos acompañaron explicáronnos que, debido as características do terreo, o mellor era deixar que se realizara unha recuperación natural da vexetación.

## DISTANCIAS DAS MASAS FORESTAIS


Coa finalidade de facilitar o control na expansión de posibles incendios e diminuír o seu impacto sobre o medio natural establécense unas distancias que se deben manter libres de maleza e de masas forestais. Podedes ver un resumo na táboa seguinte.

### DISTANCIAS AS CALES SE DEBEN MANTER AS MASAS FORESTAIS

Tipo de uso	Piñeiros, eucaliptos e acacias	Especies frondosas
Campings, gasolineras, industrias perigosas	50 m	25 m
Solo urbano, núcleos rurais, urbanizacións, vivendas, parques e industrias	50 m	15 m
Canles fluviais de máis de 2 m de ancho	15 m	5 m
Estradas, ferrocarrís, terreos de labranza, praderías	10 m	4 m
Infraestruturas eléctricas	5 m	5 m
Parcelas forestais	2 m	2 m
Pistas forestais principais	4 m (6 m en zonas ZAR)	2 m

### Concurso artístico e literario “O MONTE VIVO”

Grazas a todos os que participastes cos vosos debuxos ou relatos e sobre todo coa vosa ilusión e creatividade. Aquí están algúns dos premiados.



## OS ANIMAIS FALAN?

Irene Sisto

*Tres aventureiros nenos: Xoan, Xurxo e Laura van de excursión a un bosque e quédanse a durmir ali. Xurxo era o encargado do mapa e ao día seguinte...Non estaba! Que desfeita! Os nenos non tiñan forma de voltar á casa. Desesperados, Laura e Xurxo comezaron a dar voltas polo bosque e Xoan, o maior dixo: “esperade, teño unha idea. Non é moi sinxela nen divertida pero é a millor opción que temos”. Laura e Xurxo aliviáronse un pouco pero aínda seguían asustados. Xoan explicoulles que a súa idea era percurar unha casa no bosque. Xurxo e Laura dixeron que non pensaban facelo e Xoan díxolles : daquela se queredes ficar a vivir aquí... Xurxo e Laura dixeron que “Non! Nen pensalo”. Tras andar un longo tramo encontraron unha casa e chamaron á porta: toc, toc, toc. “Quen é?” oíuse unha voceciña dende dentro da casa. “Somos tres nenos perdidos que percuramos axuda”, dixo Xoan. “Pasade, pasade”, dixo a voceciña dende dentro e así o fixeron.*

*Cando entraron na casa dixeron a coro: “Ooooh” A voceciña díxolles: “Que ocorre”? e Xoan respondeu: “pos-pos que és un ourizo”. “Xa...e”? respondeu o animal. “Que estas falando!” dixo Laura e engadiu: “todos os animais falan?” “Non”, respondeu o animal e continuou: “Xa quedan moi poucos, pero... en que podo axudaros”?*

*“Vaa...” dixo Xoan” perdemos o noso mapa e non sabemos como volver á casa” e o animal respondeu: “Que é un mapa?”*

*Ben, agora non importa. Igual isto que atopei onte no chan vos serva de axuda. A ver se me decides o que é porque non sei o que pode... “O noso mapa!” “Grazas, moitisimas grazas. Como podemos compensarcho?” dixeron os nenos, “Faremos o que poidamos. Adeus, ata pronto”.*

*Ó chegar á casa os nenos lembraron que tiñan que facer unha redacción para o concurso do colexio e escribiron a súa aventura. Cando chegou a hora de ler a súa redacción os nenos contárona.*


*Á final da clase anunciaron a redacción gañadora: “A redacción gañadora é Unha aventura no mar”. Os compañeiros dos nenos dixeron: “Gañamos!” e foron recoller o premio. De sócato oíuse dicir á profesora que todas as redaccións serán publicadas. Os nenos miráronse e dixeron “Si!”*

*Ao día seguinte todo o mundo preguntoulles se era certo e os nenos dixeron que sí. Todo o mundo decidiu coidar o bosque para que os animais que falan non desapareceran.*

## Sabela Rodríguez Abuín



Nerea García Vázquez



O monte para Galicia é,  
O seu ben más prezado,  
E para nos tamén o debería ser,  
Xa que queimalo é un pecado.

Alentade aos do voso redor,  
Para que non sexa queimado,  
E así poder desfrutar,  
Do seu verde colorado.

Mirar para a natureza é,  
Un pasaxe no tempo,  
E a min non me gusta ver,  
Como arde no inferno.

Tan precioso que es,  
E estante a queimar  
Oh! Monte querido,  
Canto te van danar

## PARTICIPACIÓN EN GALICIENCIA

Amparo Veiga Vila

Parabéns para Nerea García e Lucía Pérez de 2º da ESO e Silvia Vázquez de 3º da ESO que son finalistas no concurso de Galiciencia 2018 “Atrévete co cambio climático”. Para conseguilo tiveron que superar tres desafíos consistentes en elaborar tres vídeos e un cartel que tiñan como temática o cambio climático.



O desafío final foi en Ourense o día 11 de maio.

O fío condutor que elixiron foron os incendios forestais e estes son dous dos carteis confeccionados.



## UNHA EXPERIENCIA CON CULTIVOS IN VITRO

Amparo Veiga Vila e o alumnado de 4º de ESO, Silvia, Patricia, Álex, Alejandro, Antía, Adrián e Natalia



Un curso máis repetimos os ensaios con cultivos *in vitro* vexetais, grazas á colaboración do Departamento de Producción Vexetal da USC e ao profesor Juan Luis Lorenzo.

Unha das actividades foi a visita as instalacións en Lugo para ver como é o traballo nunha cámara de fluxo laminar, que consegue un ambiente estéril onde poder manipular as mostras vexetais evitando a contaminación con microorganismos.

O alumnado de 4º atende ás explicacións do profesor na Escola Politécnica Superior sobre os pasos a dar par facer o cultivo *in vitro*.







O reto para o presente curso era lograr establecer fragmentos de vexetais *in vitro* conseguindo as condicións de asepsia necesarias no noso laboratorio, sen contar coa cámara de fluxo laminar.

Conseguimos un ambiente estéril aplicando as técnicas antigas de crear unha atmosfera libre se xermes mediante o uso de chisqueiros de alcohol.

Os medios de cultivo estériles fóronnos facilitados na Escola Politécnica.

Os vexetais que usamos foron brotes de carballo procedentes de xerminación de landras, brotes de carballo procedentes da xerminación de ramas adultas recollidas no campo e fragmentos de moreira xa estériles procedentes de cultivos *in vitro* que tiñamos no laboratorio.

A esterilización do material vexetal lográmosla mediante o uso de alcol de 70° e lixivia comercial diluída.





Evolución dos explantos ao mes



Estado actual. están listos para enraizar

Podemos afirmar que a experiencia foi un éxito dado que ata Juan Luis, o noso profesor pensaba que era imposible. Na actualidade os explantos atópanse no medio de enraizamento á espera de que formen raíces. O último paso sería pasar as plantiñas así obtidas a macetas e logo ao campo.

Estes métodos serven para obter un gran número de clons vexetais coas características que nos interesen ou ben , para conservar especies en perigo, das cales hai poucos exemplares ou se multiplican con dificultade por outros medios.

## ENRAIZAMENTO DE CULTIVOS



04/05/2818 Postos a enraizar en Lugo - Calos vellos replantados en medio de crecemento




14/05/2018 Bo aspecto en todos

## HEALTHY LIFESTYLE AT CPI TINO GRANDÍO

ESO-3 and ESO-4 students

O alumnado de inglés 3º e 4º de ESO do noso centro realizou unha enquisa entre o alumnado de secundaria para coñecer mellor os seus hábitos de saúde, e estes son os resultados pregunta por pregunta.



### 1. Do you have breakfast every day?


Less than 50% of ESO students have breakfast every day.

3 students in 2º and 3º ESO never have breakfast.

2º and 3º ESO are the levels in which more students have breakfast every day.

4º ESO is the group with better breakfast habits: no students skip breakfast and over 50% always have it.

55% of boys always have breakfast whereas only 39% of girls do so.




### 2. Do you have a close relationship with your family?

Most of ESO students always have a close relationship with their family. Only 1 girl doesn't have a close relationship with her family. Less than 10% of 2ºESO students never have a close relationship with their family.

1ºESO students have a higher percentage of students with a close relationship with their family than the other students. Only three 1ºESO students don't have a good relationship with their

family.

The girls have a closer relationship with their family than boys.




### 3. Do you eat 5 portions of fruit / vegetables every day?

Only three people (6.25%) of ESO students eat 5 portions of fruit/vegetables every day.

The students in 1º ESO eat more fruit and vegetables than those in other groups whereas those in 3º ESO eat less fruit and vegetables than in other groups.

Girls and boys eat more or less the same quantity of fruits and vegetables.




**4. Do you do one hour of sport / exercise every day?**

59% of boys always do at least one hour of exercise but only 23% of the girls.

The group of 3º is the only one in which 30% of the students never exercise for one hour.

Our school has not good data about daily sport: only 44,4% of the students do exercise every day. In 3º ESO, people are very inactive, because only 2 of them always do sport and 30% never do it. In the rest of the classes, there is nobody who doesn't do exercise.




**5. Do you eat 2 portions of fish every week?**

The students of 1º ESO are the ones who eat more fish, followed by 4º ESO. Around 60% always eat 2 portions every week.

The students of 2º ESO and 3º ESO eat less fish. Only three people in 3º ESO eat fish always and one in 2º ESO.


Comparing the data in the chart girls eat more fish than boys.



**6. Do you drink 2 litres of fluids (including water, milk, soup...) every day?**

In our school, the group which drinks more fluids every day is 2º ESO (more than 80% of the people). In 1º ESO, 64% of the students always drink 2 litres of fluids but, in 4º ESO, this is only done by the half of the class. 3º ESO is the group which has the worst habit of the chart: only 30% of them drink correctly and is the only one in which some people never drink 2 litres of fluids every day

At Tino Grandío, boys drink more fluids than girls (72% vs. 47%). This may be explained by the fact that boys do more exercise than girls.




**7. Do you sleep 8 hours every day?**

Less than 9% of ESO students never sleep 8 hours and more than 60% in 1º ESO students always sleep 8 hours every day.

2º ESO students sleep less than the rest of students and a lot of 3º ESO and 4º ESO students occasionally sleep 8 hours every day.

More boys than girls sleep 8 hours or more.




**8. Do you drink coffee?**

Most ESO students sometimes drink coffee.

3º ESO is the group which drink more coffee and 2º ESO less drink coffee.

10 of 44 students of ESO never drink coffee.

Boys tend to drink more coffee than girls but 73% of the girls in ESO sometimes drink coffee.



**9. Do you drink alcohol (including beer)?**


4º ESO is the group in which more students drink alcohol more regularly.

42% of girls drink alcohol occasionally.

1º ESO is the group that drinks less alcohol because alcohol consumption increases with age, so 3º ESO students drink more alcohol than those in 2º ESO. The students who drink more alcohol are those in 3º and 4º ESO.

Boys drink less alcohol than girls.

71% of ESO students never drink alcohol.




**10. Do you smoke?**

The students who smoke more often are those in 2º and 4º ESO. The students who smoke less are in 1º and 3º ESO.

13.6% of the boys smoke every day and 23,8% of the girls smoke occasionally.

80% of the students never smoke.




**11. Do you eat salty food?**

4º ESO is the group that eats more salty food because 77% of the class always eat salty food and 2º ESO is the group that eats less salty food.

33% of girls eat salty food always and 13% of boys never eat salty food.

The groups in which some students never eat salty food are 1º and 2º ESO, about 20% of the students in these groups.

**12. Do you use your mobile phone or watch TV before going to bed?**




4º ESO is the group in which more students always use their mobile phone or watch TV before going to bed

There are more girls than boys that use their mobile phone or watch TV before going to bed.

There are not any students that never use their mobile phone or watch TV before going to bed.

Most of the ESO students always use their mobile phone or watch TV before going to bed.




**13. Do you eat junk food (hamburgers, sausages, cakes...)?**

No doubt the students who eat more junk food are those in 3º ESO

The group that always eat less junk food is 1º ESO.

There isn't a lot of difference between boys and girls but, in general, boys eat more junk food than girls.



**14. Do you drink sugary drinks (Coke, Fanta...)?**

The students in 4º ESO are those who drink more sugary drinks occasionally.

The students in 3º ESO are those who drink more sugary drinks.

Two students in 1º ESO never drink sugary drinks.

Girls drink sugary drinks less often than boys.



# CPI TINO GRANDÍO

## ESO- 2018



# Primaria

## 2018



# CPI Tino Grandío